




Máis información:



e no sitio web: www.museolugo.org



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO



COMPLEMENTAR

Estudio Aberto #3

Residencia Artística
no Pazo de San Marcos

Estudio Aberto #3

Estudio Aberto naceu en 2013 con dúas residencias, como unha iniciativa dentro do proxecto Enredarte e como este, parte das premisas:
CREAR-EXPERIMENTAR-COMPARTIR-PARTICIPAR.

Nesta segunda edición, **8 proxectos inéditos de creación** serán seleccionados rigurosamente por un xurado de profesionais da arte para convivir e crear en directo nunha **residencia artística**, nun proceso de creación dialogada a través dun taller conxunto e aberto. A Sala de exposicións do Pazo de San Marcos tranformarase durante unha semana no seu estudio, compartido e aberto ao público que será co-creador das obras.

Os proxectos deben ser interactivos, lúdicos, con implicación social e contextual, dialogando directamente co espazo, onde a través de **obradoiros de creación colectiva**, público e artistas traballarán cooperativamente para materializar as obras nunha experiencia viva, dinámica, de **achegamento directo á arte contemporánea e ao propio creador**. Estudio Aberto será así **contedor de experiencias compartidas**, que culminará na montaxe dunha **exposición colectiva** coas obras resultantes.

Reflexión e proceso son as claves: ao longo da residencia, os artistas participantes reciben a **visita de profesionais do sector** (críticos, comisarios, museólogos, galeristas, artistas), que dun xeito horizontal e aberto darán unha pequena charla e compartirán consellos, opinión e análise. E ademáis, saíran a outros espazos e museos, coñecendo outros modelos de xestión e comisariado do noso contexto galego.

Na primeira edición, participaron artistas de toda España, posicionando Lugo no mapa nacional en canto a residencias artísticas. Nesta segunda convocatoria, tratarase de escoller un grupo de creadores de contrastada calidade, con proxectos orixinais e permeable ao contexto, cun enfoque didáctico e de creación colectiva. Un grupo **heteroxéneo** en canto a idade, formación, disciplina, orixe xeográfica, conceptos e vías de traballo que mediante VIDEO, PINTURA, INSTALACIÓN, ESCULTURA, PERFORMANCE, DEBUXO, DESEÑO E FOTOGRAFÍA compartirán espazo, xerando sinerxias e colaboración. De este xeito, derivamos noutro termo clave de Estudio Aberto: **COMPLEMENTAR**.

BASES DA CONVOCATORIA

Nacido en 2013 dentro do proxecto global ENREDARTE, “Estudio Aberto” afronta este 2014 unha nova edición de residencias artísticas na Sala de exposicións temporais do Pazo de San Marcos cunha nova pretensión: a creación colectiva. Este é un proxecto concibido como un espazo para o diálogo directo entre os artistas e o público, que nesta edición colaborará de xeito directo na realización das pezas a través de obradoiros e grupos de traballo.

A Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo consolida o seu compromiso coa creación artística ofrecéndolles un ano máis esta sala exposicións a creadores de diferentes disciplinas (pintura, escultura, debuxo, instalación, fotografía, videocreación,...) procedentes de toda España, para que durante unha semana a convertan nun estudio aberto, no que os artistas elixidos disporán dun espazo para crear diante dos visitantes, en diálogo directo con eles e cos outros creadores seleccionados.

Esta iniciativa desenvolverase a modo de residencia desde o 1 ó 7 de agosto de 2014, concluíndo nunha exposición que se prolongará ata o 31 de agosto.

1. Participantes

Poden concorrer a esta convocatoria todos os artistas que o desexen, sen exclusións por motivos de idade ou procedencia.

2. Disciplinas

As prazas convocadas para este proxecto serán 8, tratando de seleccionar un grupo heteroxénero en canto a disciplinas: pintura, escultura, instalación, debuxo, fotografía e videocreación.

3. Proxecto a realizar

O proxecto a realizar debe ser inédito e adecuarse aos prazos da residencia, podendo efectuarse en 7 días de traballo. A temática, formato e técnica serán libres, mantendo sempre o respecto polo espazo e polos outros artistas.

O proxecto de creación debe incluír un ou varios obradoiros de creación ou colaboración colectiva. Debe indicarse o público destinatario/ prioritario e a duración estimada.

Ademáis, os artistas deben ter prevista unha pequena actividade didáctica para os nenos do Clube Pequeamigos do Museo Provincial de Lugo que farán unha visita aos creadores.

O programa e cronograma dos talleres organizarase cos artistas seleccionados unha vez publicada a resolución. Valorarase positivamente a interacción co espazo e contexto.

4. Solicitud

Os participantes deberán enviar a proposta do proxecto, en formato dixital, xunto co resto da documentación requirida, antes das 14.00 horas do 30 de xuño, ao seguinte correo electrónico: xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org

5. Documentación

- > Proxecto a realizar durante a residencia (máximo 3 páx.) que inclúe brevemente a/s actividade/s didácticas ou de traballo/creación colectivo/a.
- > Dossier de obra recente (máximo 10 páx.)
- > CV artístico (máximo 2 páx.)
- > Fotocopia do DNI
- > Solicitud debidamente cuberta.

6. Resolución

A resolución coa relación dos artistas e dos proxectos seleccionados, farase pública o día 8 de xullo na páxina web do Museo Provincial de Lugo (www.museolugo.org) e no blog do Proxecto Enredarte (<http://enredarteredemuseistica.wordpress.com>).

Aos artistas seleccionados seralles notificada a dita resolución por teléfono e/ou correo electrónico.

7. Residencia e exposición

- > A residencia levarase a cabo do 1 ao 7 de agosto de 2014.
- > A exposición das pezas resultantes desenvolverase do 8 ao 31 de agosto de 2014.

8. Dereitos e deberes

A Rede Museística da Deputación de Lugo non se fai responsable:

- > Dos gastos de materiais, medios e ferramentas necesarios para realizar as obras polas cales os artistas foron seleccionados; así como tampouco dos gastos da montaxe, desmontaxe e transporte das citadas obras.
- > Dos gastos de aloxamento e manutención dos artistas participantes, así como tampouco dos seus traslados.
- > Dos danos ou faltas que poidan xurdir nas obras e nos medios e materiais utilizados polos artistas durante o proceso de traballo.

A Rede Museística da Deputación de Lugo:

- > Colaborará con cada proxecto seleccionado aportando 300 euros en concepto de produción.
- > Poñerá á disposición do artista os planos ou parámetros técnicos dos ditos espazos, que poderán visitar, aviso previo, se o considerasen necesario.

- > Comprométese á elaboración do correspondente catálogo dos proxectos escollidos.

As obras realizadas na convocatoria serán propiedade dos artistas, polo que unha vez finalizada a mostra estes disporán de 15 días para retiralas.

9. Xurado

- > O xurado estará formado por expertos do mundo da arte e membros da Rede Museística Provincial, sendo publicada a relación de nomes xunto coa resolución da convocatoria.
- > O xurado valorará a calidade e a orixinalidade dos proxectos, o desenvolvemento do proxecto expositivo e a súa adecuación ós obxectivos definidos nesta convocatoria.

10. Aceptación responsable

- > A persoa que solicita a participación nesta convocatoria deberá declarar que os datos que achega son veraces e que acepta todos os puntos presentes nesta, comprometéndose a levar a cabo os ditos puntos e respectar os prazos estipulados.
- > Para calquera información adicional, pode deixar as súas consultas no e-mail xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org ou no tfno. 982 242 112.

11. Renuncia

- > A participación nesta convocatoria de “Estudio Aberto 3” supón a aceptación das presentes bases, as resolucións que o xurado e a organización consideren oportunas e a renuncia a calquera tipo de reclamación.

PROGRAMA AGOSTO

Residencia Artística > 8 proxectos seleccionados

1. Presentación oficial do proxecto

Venres 1 | 11.30 h
No Museo Provincial coa presenza de Mario Outeiro, Deputado Delegado da Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, ademáis das coordinadoras de Estudio Aberto, Encarna Lago González e Paula Cabaleiro. Apertura da residencia.

2. Traballo colectivo no espazo > CREA

Do 1 ao 7 | 10.00 a 14.00 h e 16.30 a 20.30 h

3. Foros de presentación > COÑECE

Sábado 2, domingo 3, luns 4 e mércores 6 | 18.00 h
presentación dos traballos de cada artista, para que tanto o público como os compañeiros de residencia, coñezan conceptualmente a súa obra.
(Adxudicaranse os turnos en colaboración cos creadores seleccionados, facendo público o programa de presentación no acto de apertura)

4. Obradoiros de creación colectiva > COMPARTE

Sábado 2, domingo 3, luns 4, martes 5 e mércores 6
Cada proxecto implica un ou máis obradoiros co público (cun público xeral ou colectivo/sector específico) que se convocarán publicamente con antelación, nun horario e cunha duración específica según as necesidades do taller e do artista. A entrada e participación será totalmente gratuita.

5. Charlas con... > APRENDE

(Visita de profesionais do sector comisarios, críticos, xestores, artistas...)
Venres 1 | 19.00 h
Conferencia de ASUNTA RODRÍGUEZ (directora da galería de arte contemporánea TRINTA, en Santiago de Compostela)
Luns 4 | 19.00 h
Conferencia de ALBERTO GONZÁLEZ ALEGRE (comisario independente e crítico de arte)

6. Saída a... > VISITA

Martes 5 | 09.00 h
Saída a Coruña
10.00 h
Visita a FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ JOVE
Charla coa directora, MARTA GARCÍA FAJARDO
10.00 h
Visita a MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO MAC
Charla coa conservadora, EVA PRADO
13.00 h
Visita a FUNDACIÓN LUIS SEOANE
Charla co director, DAVID BARRO

7. Fin da Residencia e montaxe da exposición

Xoves 7

8. Inauguración

Venres 8

9. Clausura exposición

Domingo 31

Solicitud >

Apelidos _____ Nome _____

DNI _____ Data nacemento _____

Dirección postal _____

Teléfono(s) contacto _____ E-mail _____

1. Disciplina

☐ Escultura ☐ Pintura ☐ Instalación ☐ Videocreación ☐ Debuxo ☐ Fotografía

2. Resumo do proxecto

☐ Acepto as bases, as resolucións que o xurado e a organización consideren oportunas e renuncio a calquera tipo de reclamación

Asignado:

en _____, a _____ de _____ de 2014